



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **30 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

5.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ. EXP-TE. 2678/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

g) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 2678-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 19 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 2678-440), no seguinte orde decrecente:

1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE.	90,89
2	COPCISA, S.A.	90,30
3	EXTRACO, S.A.	83,66
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	78,25
5	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	69,68
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	44,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE., S.A.U., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 18-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez, por un prezo de 490.770 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 96 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil catorce.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.